

II SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

“OS GUERRILLEIROS NA VIA LACTEA GALAICO-BERCIANA”



Melide, 3, 4 e 5 de xuño de 2011



Os guerrilleiros en Peñas de Ferradillo (León), Abril 1942

**II SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“OS GUERRILLEIROS NA VÍA LÁCTEA GALAICO - BERCIANA”**

Melide, 3, 4 e 5 de xuño de 2011

MEMORIA DA ACTIVIDADE

1. Xustificación da actividade.

A convocatoria do Seminario pretendía suxerirles aos asistentes unha reflexión sobre o fenómeno da guerrilla que posibilitase un mellor coñecemento do noso pasado máis recente. Tal pretensión arelaba provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre os maquis contribuíse, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, sen perder nunca a consciencia de cales son os dereitos e as obrigacións de cadaquén.

2. Os obxectivos da actividade.

O Seminario perseguía, en esencia, os obxectivos que se enumeran a seguir. O seu grao de cumprimento será analizado máis abaixo:

1. Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos, personaxes, problemas, etapas e procesos máis significativos dos movementos guerrilleiros entre Galicia e o Bierzo.
2. Distinguir e valorar os trazos permanentes dos procesos de transformación e cambio nos diferentes períodos, analizándoos desde a realidade dos nosos días.
3. Situar este proceso histórico no contexto do Estado.
4. Estudar e analizar diferentes aspectos básicos da evolución histórica de Galicia.
5. Contribuír ao desenvolvemento dunha sensibilidade comprometida, responsable e activa coa democracia e os dereitos humanos.
6. Contribuír á consolidación de actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos do Estado.

3. Profesores e profesoras participantes na actividade.

Asistiron un total de 20 profesores e profesoras. A maior parte dos participantes foron profesionais do ensino secundario público, do ámbito das Ciencias Sociais. Porén, tamén participaron algúns profesores e profesoras doutras disciplinas. Os asistentes procedían practicamente de todo Galicia.

4. Relatores/as participantes na actividade.

No desenvolvemento do Seminario participaron, fundamentalmente, tres relatores, responsables das conferencias inaugurais e das diferentes sesións de traballo de campo:

- **Francisco Martínez Lopez.** Guerrilleiro e Investigador da historia da guerrilla.
- **Xoaquín Yebra-Pimentel Rodríguez.** Profesor de ensino secundario e estudoso do fenómeno da guerrilla.
- **Carlos Cimadevila Álvarez.** Profesor Universitario e de ensino secundario, estudoso do fenómeno do movemento antifranquista.

Porén, e nun momento posterior á convocatoria da actividade, foi posible contactar con **Ángela Losada García** enlace da guerrilla e filla da guerrillera Alpidia García Moral, asasinada en 1949, e unha testemuña directa de como a traxedia, a represión e o cárcere se introduciron na súa vida sendo unha cativa; con **María Digna Fernanda Cedrón**, a neta de Luís Trigo o Gardarríos, asasinado en 1948; e con **Claudina Prada Macías**, filla da guerrilleira Asunción Macías “A Pandereta”, asasinada xunto co “Chapas”, con quen fora denunciada polo marido de Claudina. A súa presenza no Seminario posibilitou contar cunhas testemuñas de primeira man sobre todos e cada un dos aspectos que o Seminario abordou.

5. O desenvolvemento da actividade.

Para procurar a consecución dos obxectivos a partir dos cales se concibía o Seminario, foron deseñadas unha serie de actividades que, respectando a súa sucesión cronolóxica, desenvolvéronse tal e como se sintetiza a seguir.

Día 3.

Despois da inauguración oficial, durante a cal a máxima autoridade local se felicitou da elección de Melide como eixo central da actividade, así como polo feito de centrar o seu desenvolvemento na figura de Manuel Girón, un dos fundadores da Federación de Guerrillas León e Galicia, tivo lugar a proxección do documental “**La Guerrilla en la Memoria**” de Javier Corcuera. Nun novo intento por rescatar historias do pasado, de seguir indagando nas diferentes vertentes, vidas, vías e episodios relacionados coa Guerra Civil e a Ditadura, chega este documental, un proxecto especialmente ligado a **Montxo Armendáriz** e ao equipo que fixera posible “**Silencio Roto**”, e a quen lle urxira a necesidade de contar algo máis, de pasar o limiar da ficción e dar a coñecer os testemuños daquelas persoas que realmente viviron un auténtico calvario desde as montañas. Porque o que neste documental persegue **Javier Corcuera**, autor, é rescatar da memoria aquelas persoas que loitaron durante anos pola liberdade, dándolles a oportunidade de contar o que viviron, de recuperar a súa propia. A iso contribúen os seus protagonistas, esas mulleres e homes que, á vez que dan conta da súa lendaria e heroica loita, mostran o seu lado máis humano e os seus recordos máis divertidos, facendo gala dunha sinceridade e un marcado sentido do humor, que fan máis levadeira a historia da memoria e conseguen deixala gravada para que calquera que se interese poida coñecela.

A proxección foi seguida por unha conferencia sobre a *Guerrilla contra Franco*, pronunciada polo profesor especialista Xoaquín Yebra-Pimentel Rodríguez, o guerrilleiro Francisco Martínez, “Quico” e Fernanda Cedrón, ofrecendo unha testemuña de primeira man que permitiu confrontar a visión da realidade que ofrece a película, e a realidade mesma.

Día 4.

A actividade inicial desenvolvida este día consistiu nunha visión sobre a guerrilla en Galicia e León no Bierzo. Na zona de Monasterio de Carracedo fíxose unha primeira parada onde Francisco Martínez, “Quico”, relatou acontecementos da guerrilla ao seu paso por este lugar e ofreceu unha visión xenérica sobre a guerrilla e as axudas aos guerrilleiros recibidas polo cura do mosteiro, e sobre Mr. Easton, cónsul británico nas cidades da Coruña e Vigo e posiblemente pertencía ao servizo de espionaxe do seu país; era coñecido como o “Inglés” e posuía unha granxa entre as localidades bercianas de Carracedo e Carracedelo, onde acabou sendo un compoñente decisivo no futuro da Federación e da Guerrilla Española. Esta sesión permitiu contextualizar o

fenómeno e serviu de preparación do traballo de campo desenvolvido no resto do día.

Os participantes visitaron os lugares por onde ordinariamente exercían a súa actividade os guerrilleiros, e ademais de analizar *in situ* as condicións de vida e as súas accións armadas, visitaron o lugar de Ferradillo, no cal Quico e os guerrilleiros se recollían cando as circunstancias llelo esixían. A visita foi especialmente agradable, polo propio lugar en si e como refuxio, conservando aínda, a pesar do semiabandono, recordos persoais dos guerrilleiros; igualmente impactante resultou o contacto con residentes e familiares de guerrilleiros e enlaces que alí nos estaban a esperar. Deste modo, os participantes puideron comprobar que o recordo da guerrilla segue aínda vivo na memoria colectiva.

O Seminario continuou na Casa da Cultura de Cabañas Raras onde foron recibidos polo representante do Concello, quen lles dou as grazas por escoller este lugar para levar a cabo parte das sesións do Seminario sobre a Memoria. A continuación tivo lugar a proxección do documental “**La partida de Girón**”, de Victoria Martínez e Manuel Guerra, en torno á figura do mítico guerrilleiro leonés Manuel Girón, cos relatos dos protagonistas do seu contorno e dos que con el loitaron.

A proxección foi seguida por unha conferencia pronunciada polo profesor especialista **Xoaquín Yebra-Pimentel Rodríguez** e o guerrilleiro **Francisco Martínez, Quico**, e coa participación de **Ángela Losada** e **Claudina Prada**, ofrecendo unha testemuña de primeira man que permitiu confrontar a visión da realidade coa testemuña dos protagonistas.

Día 5.

A actividade inicial desenvolvida este día, coas explicación de **Xoaquín Yebra-Pimentel e Carlos Cimadevila**, consistiu nunha visita aos lugares relacionados coa guerrilla, tales como o Castelo de Cornatel, en pleno corazón do Bierzo e dende onde se ten unha visión dun amplo val. A continuación os participantes visitaron os lugares das Medulas, unha zona de paso dende Galicia ao Bierzo e de refuxio en diferentes aldeas onde a guerrilla tiña os seus enlaces.

Pechouse o Seminario cunha asemblea de campo celebrada na mesma lagoa de Carucedo, na zona das Medulas, tamén refuxio de guerrilleiros.

6. Valoración global da actividade.

Os participantes no Seminario cumprimentaron un cuestionario de avaliación – que se ofrece como Anexo III á presente Memoria- a partir da análise do cal se trata de sintetizar a continuación a valoración global realizada.

1. Asistirías a outro Seminario destas características?

Si – 100%

Non – 0%

2. En conxunto, o Seminario respondeu ás expectativas que tiñas depositadas nel?

Moito – 75%

O agardado – 25%

3. Cal é a túa opinión sobre o título que se ofrecía no programa en cada unha das conferencias e saídas de campo, en relación co que foi realmente a súa realización práctica?

Moi boa – 87,5%

Boa – 12,5%

4. A calidade das intervencións dos relatores/as que interviñeron no Seminario considérala:

Moi boa – 87,5%

Boa – 12,5%

5. Cualifica de 1 (a cualificación máis negativa) a 5 (a máis positiva) cada unha das actividades desenvolvidas:

Documental: *La guerrilla de la memoria*.- 4,88 puntos

Conferencia inaugural e coloquio.- 4,75 puntos

Traballo de campo do sábado, 4 de xuño.- 5,00 puntos

Documental: *La partida de Girón*.- 4,88 puntos

Coloquio en Cabañas Raras.- 4,63 puntos

Traballo de campo do domingo, 5 de xuño.- 4,50 puntos

6. Valora, xenericamente, o cumprimento dos obxectivos do Seminario:

Para a maioría dos asistentes os obxectivos foron acadados satisfactoriamente.

7. Valora, xenericamente, o cumprimento dos contidos do Seminario:

Maioritariamente a resposta foi tamén en sentido positivo.

8. A túa opinión sobre os materiais empregados no Seminario é:

Moi boa – 50%

Boa – 50%

9. As datas de celebración do Seminario parécenche:

Moi ben – 87,5%

Ben – 12,5%

10. Cal é a túa opinión sobre a relación horario teórico – horario real no desenvolvemento do Seminario?

Moi boa – 87,5%

Boa – 12,5%

11. O tempo destinado a cada unha das actividades, e en conxunto, parécete:

Moi ben – 75%

Ben – 25%

12. Que opinión che merecen os lugares (interiores e exteriores) onde se desenvolveu o Seminario?

Moi boa – 87,5%

Boa – 12,5%

13. A túa opinión sobre a organización xeral do Seminario é:

Moi boa – 87,5%

Boa – 12,5%

14. Espazo reservado para que digas todo o que che quedou por dicir:

Algúns dos comentarios realizados foron os seguintes:

- Resultoume unha actividade moi interesante e moi agradable en todos os sentidos. O feito de contar coa presenza de persoas que viviron o fenómeno da guerrilla e a represión franquista en primeira persoa e que nos transmitiron as súas historias vitais, aportoulle un plus de proximidade e emotividade a esta actividade sobre unha etapa da nosa historia que me interesa especialmente.
- Considero moi interesante este tipo de seminarios onde os propios protagonistas da historia nos relatan os acontecementos que viviron e como os viviron. É necesario que períodos da nosa historia que semellan atoparse na penumbra se fagan visibles, principalmente para xeracións máis novas.

- Gustaríame que tivesen falado algo máis as testemuñas femininas.
- Pareceríame moi interesante (e necesario) que se realizasen máis xornadas ou cursos sobre a represión franquista en Galicia (nas vilas e aldeas, nos cárceres,...). Contamos con testemuñas dos feitos, que non deben ser esquecidas. Agradeceríao moito!

Desde a perspectiva da Comisión Organizadora, integrada por membros de *Nova Escola Galega* e por profesorado e persoal non docente do IES Melide, o Seminario cumpriu sobradamente os obxectivos a partir dos cales foi convocado. Por unha parte, permitiu estudar *in situ* as condicións de vida dos guerrilleiros e as súas accións armadas, e por outra comprobar que o recordo da guerrilla segue aínda vivo na memoria colectiva. En definitiva, o Seminario contribuíu a reflexionar sobre as posibilidades educativas que nos ofrece o medio próximo á escola.

Melide, 22 de xuño de 2011

O COORDINADOR DO SEMINARIO

A PRESIDENTA DE
NOVA ESCOLA GALEGA

Asdo.: Carlos de J. Cimadevila Álvarez

Asdo.: M^a Dolores Candedo Gunturiz